



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

**Sres. Membros da Corporación Municipal
CONCELLO DE BETANZOS
15300 Betanzos**

NOTIFICACIÓN:

A Alcaldesa do Concello de Betanzos ditou a seguinte RESOLUCIÓN:

**<< DECRETO: CONVOCATORIA DA ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DE DATA 26/MARZO/2019 (Expte. 2019/G003/000545)**

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes concluídos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

O secretario da Corporación, en base aos artigos 3.2 a) do RD 128/2018, de 16 de marzo, 81.1a), 82, e 177 do RD 2568/1986, advirte que os dous expedientes de concesión de honras (medalla de prata e nome de espazo público) que se engaden na orde do día do Pleno ordinario do mes de marzo (puntos 4º e 5º) non están completos e que deberían completarse antes de someterse á aprobación plenaria, xa que incumpren ambos o procedemento establecido nos artigos 22 e 23 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Betanzos (publicado non BOP de data 19/01/19), por carecer de concelleiro instrutor do expediente nomeado por Providencia de alcaldía e por non haberse sometido a información pública durante un período de 20 días, polo que a súa aprobación sen seguir o procedemento legalmente establecido podería conlevar a nulidade de pleno dereito de ditos acordos.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo martes 26 de marzo de 2019 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

SEGUNDO. Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.
2. Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.
3. Proposta de aprobación da modificación das tarifas de taxi na zona urbana para o ano 2019
4. Proposta de concesión da Medalla de Prata da Cidade á Farmacia Couceiro.
5. Proposta de adxudicación do nome "José Ventosa" ao velódromo do Carregal
6. Moción de BN relativa ás deficiencias nas instalacións do IES Francisco Aguiar.
7. Moción de BN relativa ao Parque do Pasatempo.
8. Moción do BNG sobre o Parque do Pasatempo.
9. Moción do BNG sobre o servizo da traída e saneamento.
10. Moción do PP para que o Concello de Betanzos desenvolva un plan plurianual de accesibilidade.
11. Rogos e preguntas

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria. >>

Notificámoslle esta resolución para os efectos oportunos, e comunicámoslle que desde hoxe ten á súa disposición na plataforma SIGM ou na Secretaría municipal a documentación correspondente aos asuntos da orde do día.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

O Secretario en réxime de acumulación (Resol. DXAL de 4/10/2018)

Rafael J. del Barrio Berbel.